

O MALTRATO AO ALUMNADO



A min gustárame dirixir estas palabras á xente "guay" do instituto.

Está moi ben ser popular, ter moitos amigos, vestir con estilo... etc., pero iso non é motivo para mirar por enriba do ombro a outros/as rapaces/as que non teñen a mesma sorte de poder ser tan admirados.

Eu queríavos facer unha

pequena pregunta, ¿Por que maltratades á xente que lle gusta ter unha vida tranquila e no anonimato? Non me refiro a un maltrato físico, senón a un psicolóxico. Estes casos non se dan moito nos rapaces, pero en cambio nas rapazas si. ¿Que pasa se unha non se pode permitir o luxo de vestir de marca?, ¿Que pasa se prefire prestarlle máis atención aos profesores que aos últimos "cotilleos" dos rapaces? ¿Que pasa se todas non temos a sorte de ser tan guapas? Tonterías deste tipo serven para facerllo pasar mal a unha rapaza que, na maioría dos casos, non é merecedora dun maltrato.

A xente maior ten razón candi di que os rapaces podemos chegar a ser moi crueis coas demais persoas. Non pensamos o que lle podemos facer a outra persoa cun co-

mentario sobre a súa maneira de ser ou comportarse.

Cada un é como é, non se pode querer cambiar aos demais ao noso antollo. Todos temos sentimentos e a todos nos gusta que nos traten ben e non nos critiquen.

Remato isto dicindo que se ti, no teu entorno, ves alguén que sofre, intenta acudir na súa defensa, ninguén merece ser maltratado. ¿Como te sentirías se todos se burlasen de ti? Seguramente que moi mal, e ata pode que chegases ata o extremo de non querer ir ao instituto polo simple feito de non querer recibir burlas.

Así que para a próxima vez que te rías dos demais, pensa que a ti non che gustaría e que todos merecemos un trato igual.

MARÍA CRISTINA SUÁREZ SOUTIÑO, B1C

PARA OS MEUS AMIGOS

Este artigo vouno dedicar a tódalas persoas que estiveron ao meu lado durante 5 anos, que foron os que estiven nesta pequena localidade. Atopei moito cariño e tamén tiven malos momentos, pero no meu corazón quedaranme os bos. Non sei como agradecer todo o que fixeron por min e, aínda que sei que non vai ser a última vez que os vexa, sinto que cada vez os teño máis lonxe e non me dou conta que sigo estando aquí. Cando cheguei de Arxentina doeume moito e ninguén foi capaz de poñerse no meu lugar, iso foi ao principio porque cando empecei o instituto deime conta da xente que realmente quería estar ao meu lado. Discutía máis de unha vez con ela pero nunca a deixei de querer, era imposible. Máis tarde deime conta de que era o único que tiña e que sen ela non era ninguén, por iso e por máis doulles as grazas por permanecer ao meu lado dende sempre e para sempre.

AIRINA TRINCHERI 4ª

